

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 25/11/2019
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25/11/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18 de novembro de 2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/5338

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 25 de novembro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 25 de novembro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) **PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE LIMITES
AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.	B36181899	2.202,20 €	25/11/2019	SI
BAÑOS PRINT, S.L.	B36252872	1.167,65 €	25/11/2019	SI
CONFECCIONES TRIVI, S.L.	B36013803	17.164,33 €	25/11/2019	SI
ELITDOOR, S.L.	B94099371	6.873,53 €	25/11/2019	SI
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	151,25 €	25/11/2019	SI
GALLEGA DE SIST. Y TEL.,S.L.	B15360712	9.221,19 €	25/11/2019	SI
GRUPORESA, S.L.	B94122850	2.087,86 €	25/11/2019	SI
METALURGICA CUEVAS, S.L.	B36033462	13.386,51 €	25/11/2019	SI
OZONA CONSULTING, S.L.	B15834872	7.943,65 €	25/11/2019	SI
SERVICIOS GRAFICOS PONTEVEDRA, SL	B94191368	479,16 €	25/11/2019	SI
SIST. CONT. ART. GRAFICAS, S.L	B15949795	119,43 €	25/11/2019	SI
SPA PLANEAMENTO, S.L.	B36477537	2.541,00 €	25/11/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa

finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/5246

Vista a proposta do Departamento en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa Gallega de Sistema y Telecomunicaciones, S.L. da adquisición, instalación e posta en funcionamento dunha pantalla eléctrica de 300x400 cm., un proxector SONY VPL-PWZ10 (cunha garantía de cinco anos) e un sistema de colaboración KRAMER VIA GO por un importe de 9.221,19 € IVE incluído. Con cargo á aplicación presupostaria 912-623.00 RC-220190019396, de conformidade coa oferta presentada, coas seguintes características técnicas:

Pantalla eléctrica de 300x400 cm.

Soporte da pantalla.

Proxector SONY VPL-PWZ10, lapara led, 5000 lúmenes para branco e color, WXGA (1280x800), LAN

Ampliación garantía proxector a 5 anos.

Soporte proxector.

Sistema Colaboración Kramer, sistema que permite conexión inalámbrica por WIFI ao proxector desde calquera dispositivo incluídos os teléfonos móbiles.

VIA-PAD KRAMER, permite instalación clientes en dispositivos mediante dispositivos USB.

Cableado desde o proxector a dúas ubicacións (armario RACK, presidencia)

Compoñentes para o cambio de ubicación do posto de traballo do sistema Videoacta.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5247

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro de dez Thin Client NComputing Raspberry RX-DDX, dez pantallas LCD Benq GW2480 23,8" e tres módulos DD Dongle HDMI for RX-HDX á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de 3.473,91€ IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5248

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro de cinco escáneres Fujitsu Fi-7030 e cinco tablets gráficas WACOM STU-530dez á Empresa Ozona Consulting SL polo importe total de 4.469,74 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5313

Dáse conta do contrato de arrendamento de solar entre o Concello e a Sociedade Alvarez Conchado e Hijos SA, polo cal a citada Sociedade arrenda ao Concello de Vilagarcía de Arousa os solares que a seguir se din para a súa utilización como aparcamento:

- 1.- Urbana-solar, Rúa Francisco Porto Rey nº 3, que conta cunha superficie de 679,00 m².
- 2.- Urbana-solar, Rúa Francisco Porto Rey nº 5, que conta cunha superficie de 786,00 m²
- 3.- Urbana-solar, Avda. de Cambados, que conta cunha superficie de 1.326,00 m²
- 4.- Urbana-solar, Avda. de Cambados, que conta cunha superficie de 870 m²

O importe a aboar polo Concello en concepto de renda é de 233,14 €/mes (IVE incluído), o que da un importe anual de 2.797,68 €.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Intervención Municipal acorda:

- Aprobar o citado contrato realizando o pagamento correspondente aos exercicios de 2019 e 2020 con cargo á partida 133.200, previa presentación da correspondente factura cos requisitos legalmente establecidos.
- Facer constar que o gasto relativo ao exercicio de 2018 deberá incluírse nun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, para o que deberá ser presentada así mesmo a correspondente factura.

PRP2019/5314

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL, para a reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 2.202,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5315

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Metalurgica Cuevas SL, para fabricación e montaxe en cerre perimetral para a ampliación do muro de peche do recinto da Nave do Servizo Municipal de Obras cunha reixa metálica de 142 mt. lineais e un alto de 1,50 m., por un importe total de 13.386,51 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5316

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Galega de Linfedema, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, os días 7 e 14 de decembro de 10:00 a 14:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión dunha carpa, dúas mesas e catro cadeiras. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/5317

Dáse conta do escrito remitido polo Servizo de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas, en contestación ao requirimento feito polo Concello para sinalización dun paso de peóns na Avda. de Cambados, á altura do nº 139, no que indican que non se pode proceder ó solicitado xa que, no punto quilométrico 1+570 desa estrada, onde se solicita, non existe visibilidade suficiente para a súa implantación.

Indican ademais que xa existe un paso de peóns regulado con semáforos no punto quilométrico 1+440.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/5318

Dáse conta do escrito presentado por Dona Angela Souto Alcaraz no que indica que o tráfico en Cornazo é pouco intenso, sendo frecuente que algúns vehículos circulen a velocidades moi por riba das admisibles nunha aldea desprovista de beirarrúas na que se producen atropellos de persoas e animais, polo que urxe a instalación de resaltos reductores de velocidade.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se informou á Sra. Souto Alcaraz que na medida do posible tentárase levar a cabo controis de velocidade intermitentes na zona. No suposto de ser detectadas velocidades excesivas quedaría a opción de valorar os resaltos reductores de velocidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/5319

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Sistemas de Control Artes Gráficas SL para o subministro de 2.500 impresos para a notificación de denuncias da Policía Local, por un importe total de 119,43 € (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 132.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5321

Dáse conta do escrito presentado por Dona Beatriz Nuñez Rodríguez solicitando a instalación duna zona de estacionamento e elementos de ancoraxe de bicicletas nas inmediacións da Estación de Autobuses.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á súa instalación sobre a beirarrúa, no espazo excedente do paso de peóns existente fronte á entrada da Estación de Autobuses.

Dar conta ao Servizo de Medio Ambiente e Policía Local aos efectos oportunos.

RECURSOS HUMANOS

PRP2019/5253

Visto o informe do Negociado dos Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: A prorroga ordinaria prevista nas bases da convocatoria por un ano das seguintes Bolsa de Emprego xa seleccionadas:

1. Profesores de Música do Conservatorio de Música
2. Profesores de Música da Escola de Música
3. Diplomado Universitario en Enfermería
4. Traballadores/as Sociais
5. Educador/a Social
6. Auxiliar Administrativo
7. Subalterno (Conserxes)
8. Técnico Deportivo
9. Profesor/a de maxisterio
10. Persoal operario das seguintes especialidades:
 1. Pintor
 2. Conductor-Gruista
 3. Soldador
 4. Carpinteiro
 5. Fontaneiro
 6. Albanel
 7. Electricista
 8. Xardineiro
 9. Peon forestal

Segundo: A creación de dúas novas Bolsas nas seguintes categorías para atender as funcións e tarefas que non é posible coas anteriores enumeradas como se acredita no expediente e nas propostas dos encargados dos servizos respectivos:

- Bolsa Operario/conductor minivarredora.
- Bolsa Operario montaxes.

PRP2019/5284

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de outubro de 2019, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €.

PRP2019/5286

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de outubro de 2019, por un importe total de 8.380,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisions informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª LUZ MARÍA ABALO PÉREZ	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
D. ALFONSO RAMON GLEZ GALLEGO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. MIGUEL ANGEL GARCÍA MIGUENS	2	x 130,00 €	---	x 110,00 €	260,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	2	x 130,00 €	1	x 110,00 €	370,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
TOTAL					8.380,00

PRP2019/5288

Vista a proposta da Concellería de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa TRIVI SL o subministro de chaquetas exteriores para o persoal de distintos Servizos do Concello, coa seguinte desagregación:

- Servizo de Alumeado público: 6 ud x 186,65 € /ud = 1.119,90 € (IVE excluído), dando un importe total (IVE incluído) de 1.355,08 €, con cargo á partida 165.22104.
- Servizo de Cultura: 6 ud x 186,65 € /ud = 1.119,90 € (IVE excluído), dando un importe total (IVE incluído) de 1.355,08 €, con cargo á partida 334.22104.
- Servizo de Mercados: 4 ud x 186,65 € /ud = 746,60 € (IVE excluído), dando un importe total (IVE incluído) de 903,39 €, con cargo á partida 4312.22104.
- Servizo de Estradas: 21 ud x 186,65 € /ud = 3.919,65 € (IVE excluído), dando un importe total (IVE incluído) de 4.742,78 €, con cargo á partida 453.22104.
- Servizo de Administración Xeral: 5 ud x 186,65 € /ud = 933,25 € (IVE excluído), dando un importe total (IVE incluído) de 1.129,23 €, con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5322

Dáse conta da publicación no BOP de 15 de novembro de 2019 do Calendario Laboral 2020 na Comunidade Autónoma de Galicia:

Primeiro.-Festas laborais de carácter xeral

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 81/2019, do 27 de xuño, da Xunta de Galicia, as festas laborais de carácter retribuído e non recuperable no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 serán as seguintes:

01 de xaneiro	...	Ano novo
06 de xaneiro	...	Epifanía do Señor (Día de Reis)
19 de marzo	...	Día de San Xosé
09 de abril	...	Xoves Santo
10 de abril	...	Venres Santo
01 de maio	...	Festa do Traballo
24 de xuño	...	San Xoán
25 de xullo	...	Santiago Apóstol-Día Nacional de Galicia
15 de agosto	...	Asunción da Virxe
12 de outubro	...	Festa Nacional de España
08 de decembro	...	Inmaculada Concepción
25 de decembro	...	Día de Nadal

Segundo.-Festas laborais de carácter local

Ao abeiro do disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, artigo 2 do Decreto 81/2019, do 27 de xuño e o artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, a proposta do Pleno dos respectivos concellos, as seguintes festas de ámbito local:

VILAGARCÍA DE AROUSA :

22 de maio Santa Rita

17 de agosto

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2019/5324

Dáse conta do seguinte acordo da Xunta de Goberno Local de Data 28 de outubro de 2019:

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego labora Xove 2019, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicio C.D. y Recreación SL, para a contratación do alugueiro de rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do módulo de Socorrismo, ao longo dos seis meses de actividade do Obradoiro, por un prezo unitario por rúa/hora de 9,13 € (+ IVE), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Dáse conta da existencia dun erro na redacción do citado acordo, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a modificación da redacción, quedando do seguinte xeito:

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego labora Xove 2019, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicio C.D. y Recreación SL, para a

contratación do alugueiro de rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do módulo de Socorrismo, ao longo dos seis meses de actividade do Obradoiro, por un prezo de 2.099,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5265

Dáse conta do expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por DANIEL RAÚL GAYO SANTOMÉ, NIF 35490841R con domicilio de notificacións R/ Calle CASTOR SANCHEZ Nº: 1 1 Pt: B- Vilagarcía de Arousa, dirección Email a efectos de notificacións danielgayo@hotmail.com,

Dáse conta do informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no que se indica que a solicitude de axuda foi presentada o 31 de outubro de 2019, fora do prazo establecido nas bases reguladoras das axudas, que establecen o 30 de outubro de 2019, como data límite para a presentación das solicitudes relativas ás empresan que comezaran a súa actividade despois do 1 de xaneiro de 2019.

Polo tanto, o solicitante NON cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2019 Concello de Vilagarcía, e a Xunta de Goberno Local acorda a DENEGACIÓN da axuda solicitada .

PRP2019/5268

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por Dona Ana Vanesa Cea Framil.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5270

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por D. Jesús Guimil Beiras.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.408,54 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5269

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por Vidal e Asociados Inmobiliarios Servizos Inmobiliarios SC Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5271

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por Dona Giovanna Acuña Pintos.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.283,26 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/5325

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música no que solicita:

Primeiro: Se teña por presentado o Dossier de prensa e Memoria de actividades do II Festival Internacional de Música Clasclás 2019.

Segundo: Se aprobe o proxecto da III Edición do Festival Internacional de Música Clásica Clasclás 2020 nos termos que figuran no proxecto, procedendo ao seu lanzamento o luns 25 de novembro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade á citada proposta.

PRP2019/5326

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a reserva do vestíbulo da Casa de Cultura para o día 14 de decembro, ás 12:00 horas, para levar a cabo unha actividade gtratuíta da Kids&Us School of english, consistente nun contacontos en inglés para bebés ou nenos en educación infantil e primeiro ciclo de primaria.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/5330

Dáse conta da reclamación de danos formulada por D. Juan José Mouriño Giraldez, polos danos sufridos no vehículo matrícula 5021CTJ, ao impactar cun pivote no aparcamento do Supermercado SUPECO, o día 23 de xuño de 2019.

Dáse conta de informe de Mutua General de Seguros, segundo o cal das circunstancias consignadas non se desprende ningunha responsabilidade do Concello, xa que podería evitar o impacto co pivote de aparcamento con facilidade, mais tendo en conta que os feitos ocorreron cando aínda existía luz solar. Ademais conforme ao relato dos feitos, o reclamante evitaría o sinistro se abandonase a praza de aparcamento pola zona destinada á circulación en lugar de atallar pola praza oposta.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación presentada.

PRP2019/5331

Dáse conta do recurso de reposición interposto por Dona María Soledad Serantes Barreiro contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2019, que desestimaba a reclamación de danos formulada por presuntos danos sufridos con motivo dunha caída na Rúa fronte á Librería Pampin, debido a unha lousa de pedra solta.

Tendo en conta que o recurso de reposición presentado non aporta novos datos ao expediente tramitado no seu día, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso de reposición e ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2019.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/5327

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos destinados á campaña do 25 do novembro "Vilagarcía en negro", con cargo á partida orzamentaria 2312.22602:

- Empresa Pereira, SL, por arrendamento de autocar para colocación de publicidade na parte traseira e nos laterais, por un importe total de 151,25 € (IVE incluído).
- Baños Print SL, polo deseño, subministro e colocación dun vinilo para a ventá traseira dun autobús, de 3x1 m. por un importe total de 1.167,65 € (IVE incluído)
- Servicios Gráficos Pontevedra SL, pola elaboración de 2.000 pulseiras de tea, segundo serigrafía oficial da campaña, por un importe total de 479,16 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2019/5332

Vista a solicitude de D. Fernando García Novo, en representación de Fundación Laboral de la Construcción, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 19 de decembro de 2019, en horario de 18:00 a 20:15 horas, para a celebración dunha xornada informativa sobre responsabilidades, obrigación e xestión preventiva en obras menores ou sen proxecto, destinada a empresas, comunidades de veciños, xestores de fincas e público en xeral., debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras

instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/5333

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de outubro de 2019 de toma de coñecemento do contrato menor de patrocinio asinado entre o Concello e a Entidade Ticketea SL.

PRP2019/5334

Dáse conta do borrador do contrato menor de patrocinio entre a Entidade Ticketea SL e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para a venda de entradas dos eventos que se desenvolven no Auditorio Municipal e Salón García, no que se establece que a citada Entidade patrocinará un evento anual organizado polo Concello, por importe de 3.000,00 €.

O obxecto do contrato menor de patrocinio é a promoción do espectáculo "Gala Lírica "Homenaxe a Montserrat Caballé", que se desenvolverá no Auditorio Municipal o día 30 de novembro de 2019, producido por Operaconcert SL

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do contrato menor de patrocinio coa Entidade Ticketea SL, nas condicións establecidas no mesmo.

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos da emisión da factura correspondente.

CONTRATACIÓN

PRP2019/5264

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de goberno Local acorda adxudicar á Empresa GRUPORESA SL o Contrato de obra para a reparación do lucernario principal da Casa do Concello, consistente en retirada de rede de sombrear, desmontaxe de ángulos de selado de cúpula, limpeza de silicona existente, colocación de ángulos e realización de novo selado, incluíndo colocación de rede de sombrear, por un importe total de 2.087,86 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.212, de conformidade coa oferta presentada.

PRP2019/5273

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa ELITDOOR SL oo Subministro e colocación de taboas de madeira de Iroko en bancos sitios na praza Ravella, Matosinhos e Vilaxoán, por un importe total de 14.090,73 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.63200, de conformidade coa oferta presentada:

41 taboas para banquetas de madeira de iroko de 250x29x3,5 cms.

41 taboas para respando de madeira de iroko de 250x20x3,5 cms.

Lixado, imprimado e remate final así como colocación.

PRP2019/5237

Dáse conta do expediente de contratación CT55/2019-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato

denominado "Servizo de asistencia técnica de Enxeñería ao Concello de Vilagarcía de Arousa", cun orzamento de licitación de 42.600,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B19330158 Razón Social: DECUMANUS SOLUCIONES SOSTENIBLES EN INGENIERÍA Y ARQUITECTURA, S.L.P.

NIF: B85872422 RAZÓN SOCIAL: INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L.

NIF: B15856339 RAZÓN SOCIAL: INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR).

NIF: RAZÓN SOCIAL: OSCAR ALVAREZ GONZALEZ

A Mesa de Contratación acordou excluír ao licitador Decumanus Soluciones Sostenibles en Ingeniería y Arquitectura, S.L.P., ao non subsanar o defecto de sinatura que presentaba a súa documentación e a Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (IPRENOR) ao presentar a súa oferta fora de prazo. Polo que as ofertas admitidas son: Ingeniería de Gestión y Seguridad, S.L. e D. Óscar Álvarez González.

Vistas as ofertas técnicas presentadas e aplicados os criterios fixados nos pregos que rexen a licitación, propónse á Mesa de Contratación outorgar aos licitadores a seguinte puntuación.

Ingeniería de Gestión y Seguridad, S.L.: Outórgaselle un total de 10 puntos desagregados como a seguir se indican:

- Profesional responsable e curriculum vitae.- 5 puntos
- Material, instalacións e equipo.- 2 puntos
- Plan realización dos traballos.- 3 puntos (solo dedican á asistencia técnica 1 día á semana e 1 hora ao día, polo que o plan de realización estímase deficiente)
- Días e horas de prestación dos servizos de forma presencial: 0 puntos (oferta menos de 4 días á semana de prestación presencial).

Óscar Álvarez González.- Outórgaselle un total de 15 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Profesional responsable e curriculum vitae.- 5 puntos
- Material, instalacións e equipo.- 2 puntos
- Plan realización dos traballos.- 8 puntos (Dedica á asistencia técnica 3 días á semana)
- Días e horas de prestación dos servizos de forma presencial: 0 puntos (oferta menos de 4 días á semana de prestación presencial). “

As ofertas presentadas as seguintes:

LICITADOR	OFERTA ECONOMICA CON IVA	OFERTA ECONOMICA SIN IVA	Experiencia profesional efectiva en la administración	Formación Profesional del responsable de la ejecución del contrato
Ingeniería de gestión y Seguridad, S.L	57.000,00 €	68.970,00 €	No acredita	Presenta
Óscar Álvarez González	46.800,00 €	56.628,00 €	Acredita	Presenta

Unha vez valoradas as proposicións técnicas de acordo cos criterios do PCAP, o resultado é o seguinte:

Licitador	Oferta económica (sin IVA)	Puntuación da oferta económica	Puntuación formación profesional responsable de la ejecución contrato	Puntuación de la experiencia profesional
Ingeniería de Gestión y Seguridad S.L	57.000,00 €	6,82	3 Únicamente se valora la formación del responsable de la ejecución del contrato.	0
Oscar Álvarez González	46.800,00 €	30	15	24

De conformidade á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, as puntuacións obtidas son as seguintes, Ordeadas de maneira decrecente:

Orde: 1 NIF: OSCAR ALVAREZ GONZALEZ proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 15.0

Total criterios CAF: 69.0

Total puntuación: 84.0

Orde: 2 CIF: B85872422 Ingeniería de Gestión y Seguridad S.L.

Total criterios CJV: 10.0

Total criterios CAF: 9.82

Total puntuación: 19.82

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos denominado SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA Ao CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, cun orzamento de licitación de 60.000,00 € (IVE/IVE excluído) e de 72.600,00€ (IVE/IVE incluído), á empresa con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: ÓSCAR ALVAREZ GONZALEZ, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

-Prezo ofertado: 46.800 € (sen IVE/IVE), ao que corresponde un IVE/IVE (21%) de 9.828,00 € o que totaliza un importe de 56.628,00 € (IVE/IVE incluído).

- Prestación do servizo de forma presencial nas dependencias do concello: 3 días á semana (luns, martes e xoves, a xornada completa).

A desagregación por anualidades é a seguinte:

- 2019: 1.573,00 € (1 mes)

- 2020: 18.876 € (12 meses)

- 2021: 18.876 € (12 meses)

- 2022: 17.303 € (11 meses)

PRP2019/5329

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa SPA Planeamento SL a realización dunha taxación a custe de reposición do Parking Xoan XXIII, por un importe total de 2.541,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706, de conformidade coa oferta presentada.

PRP2019/5360

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo:

No ano 2006 executouse a construción dun edificio, de baixo e unha planta, destinado a centro socio-cultural de Vilaxoán así coma a instalacións deportivas para o adestramento de remo e almacenaxe de embarcacións.

As instalacións de uso socio-cultural precisan adecuar as instalacións para dotar de accesibilidade ó escenario do salón de actos, habilitar un pequeno camerino e locais de reunións e oficina vecinal a costa do bar que estaba sobredimensionado. Por outro lado o crecemento do clube de remo, que usa ditas instalacións, require obras de aumento de superficies útiles interiores que dean resposta ás súas necesidades actuais, como aumento de superficie para ximnasio e tamén novas zonas de amoreamento de embarcacións.

O proxecto redactado polo arquitecto municipal, ten por obxectivo dar resposta ás necesidades das actividades sociais, culturais e deportivas que se desenvolven nel. Na parte de uso sociocultural é prioritario dotar de condicións de accesibilidade ó escenario do salón de actos. Tamén se construírán novas dependencias como un camerino, un despacho e unha sala de reunións. O bar reubicarase nun espazo máis reducido que o que dispuña ata o de agora.

Na zona deportiva realizarase a ampliación do forxado da planta primeira para posibilitar a

instalación dun ximnasio axeitado ás necesidades actuais e ó incremento substancial de deportistas usuarios. Tamén se ampliará a zona de almacenaxe de embarcacións na planta baixa a costa dos espazos que actualmente ocupan os despachos xa que estes non requiren tanta superficie e poden ser reubicados nun espazo máis pequeno da planta superior.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Reforma interior do Centro Sociocultural e de remo de Vilaxoán”, redactado polo arquitecto municipal do Concello de Vilagarcía don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de 69.504,60 (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE 21% de 14.595,97, o que totaliza un orzamento (IVE engadido) de 84.100,00€.

2º Remitir o citado proxecto a Portos de Galicia.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/5355

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Sanitas S.A. de Seguros correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de novembro de 2019 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 442,70 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2019/5356

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Segurcaixa Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros pola factura N° 666101641/07/2019/9640889 correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de outubro de 2019 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 13.266,97€, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2019/5357

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Segurcaixa Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros pola factura N° 666101641/07/2019/9640889 correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de novembro de 2019 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 14.169,91€, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2019/5267

Acórdase o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2019/121, por importe de 37.736,74 €, fiscalización previa no Informe INT/2019/26, coa seguinte desagregación:

Nº Rexistro Factura	Documento	Data Doc.	Programa	Económica	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
Multifac	MULTIFAC	11/04/2019	165	22100	255,57	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	INCLUE FRAS. POR IMPORTE DE: 602,06_26,60_492.60_51 9.89_546.92_- 484.75_1447.75
F/2019/33 39	FE19137009593969	11/04/2019	165	22100	328,95	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (11.13kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2019/33 40	FE19137010572254	23/04/2019	920	22103	480,02	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Consumo gas 14/02/2019 - 31/03/2019 / Consumo gas 01/04/2019 - 11/04/2019 / Impuesto

							Especial sobre hidrocarburos 14/02/
